

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006729	IES Valle-Inclán	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Bioloxía e xeoloxía	1º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	18
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21

1. Introducción

Á hora de deseñar a presente programación foi tido en conta o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES Valle Inclán (Pontevedra). Este centro sitúase nun entorno urbano e predomina un nivel socioeconómico medio-alto.

Na presente programación detállase a organización dos diferentes elementos curriculares para a materia de Bioloxía e Xeoloxía de 1º da ESO. Así, a través dos diferentes contidos que traballaremos na aula, o noso alumnado poderá alcanzar os obxectivos e desenvolver as competencias clave.

Esta materia permitirá ao alumando coñecer as características dos diferentes Reinos, conceptos fundamentais sobre os ecosistemas así como as características da xeosfera, a atmosfera, a hidrosfera e a biosfera.

Contribuiremos, ademais, á alfabetización científica do alumando así como a que valoren o papel fundamental da ciencia na sociedade.

Neste nivel temos 4 grupos e un total de 120 alumnos e alumnas. O alumando é moi diverso, con diferentes niveis de competencia curricular e diferentes estilos de aprendizaxe. Para atender a esta diversidade, empregaremos metodoloxías activas e diferentes recursos e materiais que permitirán que os estudantes alcancen os obxectivos e desenvolvan as competencias.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar e transmitir información e datos científicos argumentando sobre eles e utilizando diferentes formatos para analizar conceptos e procesos das ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	1-2-5		4	2-3				4
OBX2 - Identificar, localizar e seleccionar información, contrastando a súa veracidade, organizándoa e avaliándoa criticamente para resolver preguntas relacionadas coas ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	3	1	4	1-2-3-4-5	4			
OBX3 - Planificar e desenvolver proxectos de investigación, seguindo os pasos das metodoloxías científicas e cooperando cando sexa necesario para indagar en aspectos relacionados coas ciencias xeolóxicas e biolóxicas.	1-2		2-3-4	1-2	3		3	
OBX4 - Utilizar o razoamento e o pensamento computacional, analizando criticamente as respostas e solucións e reformulando o procedemento, de ser necesario, para resolver problemas ou dar explicación a procesos da vida cotiá relacionados coa bioloxía e coa xeoloxía.			1-2	5	5		1-3	4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Analizar os efectos de determinadas accións sobre o medio ambiente e a saúde baseándose nos fundamentos das ciencias biolóxicas e da Terra para promover e adoptar hábitos que eviten ou minimicen os impactos ambientais negativos, que sexan compatibles cun desenvolvemento sostible e que permitan manter e mellorar a saúde individual e colectiva.			2-5	4	1-2	3-4	1	
OBX6 - Analizar os elementos dunha paisaxe concreta valorándoo como patrimonio natural e utilizando coñecementos sobre xeoloxía e ciencias da Terra para explicar a súa historia xeolóxica, propoñer accións encamiñadas á súa protección e identificar posibles riscos naturais.			1-2-4-5	1		4	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A biosfera	Características da biosfera. a célula e evolución dos seres vivos	10	10	X		
2	Virus, moneras, protistas e fungos	Estudo dos virus, e dos reinos das moneras, protistas e fungos.	10	10	X		
3	As plantas	Características xerais das plantas, funcións vitais e clasificación.	20	20	X		
4	Os animais invertebrados	Características dos animais invertebrados.	10	10		X	
5	Os animais vertebrados	Características dos animais vertebrados	10	10		X	
6	Os ecosistemas	Os ecosistemas, tipos e dinámica.	10	10		X	
7	A xeosfera	Estudo da Terra, formación do planeta minerais e rochas.	10	15			X
8	A atmosfera	Formación da atmosfera, estrutura, composición función e impactos.	10	10			X
9	A hidrosfera	Características da hidrosfera, o ciclo da auga, importancia e usos da auga.	10	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A biosfera	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Recoñecer que os seres vivos están constituídos por células indicando as características que os diferencian da materia inerte.	Recoñecer que os seres vivos están constituídos por células	PE	60
CA2.3 - Describir a célula como unidade estrutural e funcional dos seres vivos identificando as súas estruturas básicas e recoñecendo as súas funcións vitais.	Describir a célula como unidade estrutural e funcional dos seres vivos		
CA2.4 - Identificar as estruturas básicas dos diferentes tipos de células empregando distintas estratexias de observación e comparación.	Identificar as estruturas básicas dos diferentes tipos de células		
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.	Resolver cuestións básicas sobre bioloxía e xeoloxía	TI	40
CA2.1 - Facilitar a comprensión e a análise de información sobre procesos biolóxicos ou traballos científicos transmitíndoa de forma clara e utilizando a terminoloxía e os formatos adecuados.	Comprender e analizar información sobre procesos biolóxicos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. - Concepto de ser vivo. - A célula, unidade estrutural e funcional dos seres vivos. - Estrutura básica da célula. Tipos de células: procariotas e eucariotas. - Funcións vitais: - Nutrición: autotrofa e heterotrofa. A fotosíntese. - Relación. - Reprodución: sexual e asexual. - Observación e comparación de tipos de células ao microscopio e outros medios (vídeos, fotografías...) mediante distintas estratexias e destrezas.

UD	Título da UD	Duración
2	Virus, moneras, protistas e fungos	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Identificar os virus como entidades biolóxicas acelulares.	Identificar os virus	PE	60
CA3.3 - Describir as características xerais dos grandes grupos de seres vivos utilizando as claves para a identificación e a clasificación de seres vivos.	Descrribir as características xerais dos grandes grupos de seres vivos		
CA3.4 - Comprender o proceso evolutivo localizando e analizando algúns exemplos de adaptacións dos seres vivos.	Comprender o proceso evolutivo		
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante o formato e as ferramentas dixitais adecuadas, interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	Presentar as conclusións do proxecto de investigación	TI	40
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	Cooperar dentro dun proxecto científico		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Valorar a contribución da ciencia á sociedade, destacando o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia. - Formas acelulares: os virus. - A biosfera. Características que fan da Terra un planeta habitable. - Diferenciación e clasificación dos reinos monera, protocista, fungi, vexetal e animal. - Os principais grupos taxonómicos: observación de especies da contorna e clasificación a partir das súas características distintivas - As especies da contorna: estratexias de identificación (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu...).

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recoñecemento das especies máis comúns dos ecosistemas da contorna (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu¿). - O proceso evolutivo. Introducción aos conceptos da selección natural e as adaptacións ao medio.

UD	Título da UD	Duración
3	As plantas	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoñecer os criterios que serven para clasificar os seres vivos identificando as principais categorías taxonómicas ás que pertencen os animais e as plantas máis comúns.	Recoñecer os criterios que serven para clasificar os seres vivos	PE	60
CA3.3 - Describir as características xerais dos grandes grupos de seres vivos utilizando as claves para a identificación e a clasificación de seres vivos.	Describir as características xerais dos grandes grupos de seres vivos		
CA3.4 - Comprender o proceso evolutivo localizando e analizando algúns exemplos de adaptacións dos seres vivos.	Comprender o proceso evolutivo		
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.	Resolver cuestión básicas sobre bioloxía e xeoloxía	TI	40
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Expor preguntas e hipóteses sobre fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Valorar a contribución da ciencia á sociedade, destacando o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas.

Contidos

- Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...).
- Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica.
- Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais.
- Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento.
- A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada
- Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade.
- Modelado como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza.
- O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia.
- A biosfera. Características que fan da Terra un planeta habitable.
- Diferenciación e clasificación dos reinos monera, protocista, fungi, vexetal e animal.
- Os principais grupos taxonómicos: observación de especies da contorna e clasificación a partir das súas características distintivas
- As especies da contorna: estratexias de identificación (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu...).

UD	Título da UD	Duración
4	Os animais invertebrados	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoñecer os criterios que serven para clasificar os seres vivos identificando as principais categorías taxonómicas ás que pertencen os animais e as plantas máis comúns.	Recoñecer os criterios que serven para clasificar os seres vivos	PE	60
CA3.3 - Describir as características xerais dos grandes grupos de seres vivos utilizando as claves para a identificación e a clasificación de seres vivos.	Describir as características xerais dos grandes grupos de seres vivos		
CA3.4 - Comprender o proceso evolutivo localizando e analizando algúns exemplos de adaptacións dos seres vivos.	Comprender o proceso evolutivo		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoos de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos	TI	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	Diseñar e realizar experimentos		
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante o formato e as ferramentas dixitais adecuadas, interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	Presentar as conclusións do proxecto de investigación		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Valorar a contribución da ciencia á sociedade, destacando o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia. - A biosfera. Características que fan da Terra un planeta habitable. - Diferenciación e clasificación dos reinos monera, protocista, fungi, vexetal e animal. - Os principais grupos taxonómicos: observación de especies da contorna e clasificación a partir das súas características distintivas - As especies da contorna: estratexias de identificación (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu...). - Estratexias de recoñecemento das especies máis comúns dos ecosistemas da contorna (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu). - O proceso evolutivo. Introducción aos conceptos da selección natural e as adaptacións ao medio.

UD	Título da UD	Duración
5	Os animais vertebrados	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoñecer os criterios que serven para clasificar os seres vivos identificando as principais categorías taxonómicas ás que pertencen os animais e as plantas máis comúns.	Recoñecer os criterios que serven para clasificar os seres vivos	PE	60
CA3.3 - Describir as características xerais dos grandes grupos de seres vivos utilizando as claves para a identificación e a clasificación de seres vivos.	Describir as características xerais dos grandes grupos de seres vivos		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Valorar a contribución da ciencia á sociedade, destacando o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo.	TI	40
CA3.4 - Comprender o proceso evolutivo localizando e analizando algúns exemplos de adaptacións dos seres vivos.	Comprender o proceso evolutivo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia. - A biosfera. Características que fan da Terra un planeta habitable. - Diferenciación e clasificación dos reinos monera, prototista, fungi, vexetal e animal. - Os principais grupos taxonómicos: observación de especies da contorna e clasificación a partir das súas características distintivas - As especies da contorna: estratexias de identificación (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu...). - Estratexias de recoñecemento das especies máis comúns dos ecosistemas da contorna (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu).

UD	Título da UD	Duración
6	Os ecosistemas	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Coñecer os compoñentes dun ecosistema establecendo as relacións existentes entre eles.	Coñecer os compoñentes dun ecosistema	PE	60
CA6.2 - Explicar as características xerais dos principais ecosistemas terrestres e acuáticos facendo unha especial referencia aos ecosistemas galegos.	Explicar as características xerais dos principais ecosistemas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Identificar nun ecosistema os factores desencadeantes de desequilibrios indicando estratexias para restablecelos e difundindo accións que favorezan a conservación medioambiental.	Identificar nun ecosistema os factores desencadeantes de desequilibrios		
CA6.7 - Propoñer e adoptar hábitos sostibles analizando dunha maneira crítica as actividades propias e alleas a partir dos propios razoamentos, dos coñecementos adquiridos e da información dispoñible.	Propoñer e adoptar hábitos sostibles		
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos a partir da información de diferentes formatos.		
CA6.4 - Analizar criticamente a solución a un problema ambiental relacionándoo con fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Analizar a solución a un problema ambiental		
CA6.5 - Recoñecer a información con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas etc. e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información con base científica	TI	40
CA6.6 - Relacionar con fundamentos científicos a preservación da biodiversidade, a conservación do medio ambiente, a protección dos seres vivos da contorna, o desenvolvemento sostible e a calidade de vida.	Relacionar con fundamentos científicos a preservación da biodiversidade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia. - Os ecosistemas: - Elementos bióticos e abióticos. Relacións intraespecíficas e interespecíficas. - Importancia da conservación dos ecosistemas, a biodiversidade e a implantación dun modelo de desenvolvemento sostible. - Exemplos da contorna. - Impactos sobre os ecosistemas ocasionados por actividades humanas. - Importancia da adquisición dos hábitos sostibles (consumo responsable, prevención e xestión de residuos, respecto ao medio ambiente).

UD	Título da UD	Duración
7	A xeosfera	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Explicar as características que fan que a Terra sexa un planeta habitable.	Explicar de forma básica as características que fan que a Terra sexa un planeta habitable	PE	60
CA4.1 - Identificar e clasificar distintos minerais mediante a observación das súas características e propiedades.	Identificar distintos minerais		
CA4.2 - Recoñecer diferentes rochas a través da súa clasificación en función da orixe e/ou dos minerais que as forman.	Recoñecer diferentes rochas		
CA4.3 - Localizar rochas e minerais da contorna seleccionando información mediante o uso correcto de diferentes fontes.	Localizar rochas e minerais da contorna		
CA4.4 - Describir a importancia dos minerais e das rochas na sociedade relacionándoos coas súas aplicacións na vida cotiá.	Describir a importancia dos minerais e das rochas na sociedade		
CA4.5 - Valorar unha explotación sostible dos recursos xeolóxicos identificando os principais impactos que causa.	Valorar unha explotación sostible dos recursos xeolóxicos		
CA4.6 - Explicar a estrutura e a composición básica da xeosfera diferenciando as características xerais das capas que a forman.	Explicar a estrutura e composición básica da xeosfera		
CA4.7 - Relacionar a litosfera e o movemento das placas coas estruturas xeolóxicas que se orixinan nos bordos integrándoas na teoría da tectónica de placas.	Relacionar a litosfera e o movemento das placas coas estruturas xeolóxicas	TI	40
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos a partir da información de diferentes formatos.		
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.	Resolver cuestións básicas sobre bioloxía e xeoloxía		
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Expor preguntas e hipóteses sobre fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos.		
CA1.5 - Deseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	Deseñar e realizar experimentos		
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante o formato e as ferramentas dixitais adecuadas, interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	Presentar as conclusións do proxecto de investigación		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	Cooperar dentro dun proxecto científico		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Valorar a contribución da ciencia á sociedade, destacando o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas. - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. - Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais. - Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento. - A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada - Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade. - Modelado como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza. - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia. - A biosfera. Características que fan da Terra un planeta habitable. - Os minerais: características, propiedades e clasificación. - As rochas e a súa clasificación: sedimentarias, metamórficas e ígneas. O ciclo das rochas. - Identificación de rochas e minerais relevantes da contorna. - Aplicacións dos minerais e das rochas na vida cotiá. - Explotación sostible dos recursos xeolóxicos. Os recursos xeolóxicos en Galicia. - Estrutura e composición básica da xeosfera: codia, manto e núcleo. - Introducción á teoría da tectónica de placas. - A litosfera e o movemento das placas. - Estruturas xeolóxicas nos bordos das placas.

UD	Título da UD	Duración
8	A atmosfera	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Analizar as funcións da atmosfera e o seu papel esencial para a vida na Terra reflexionando sobre a importancia do efecto invernadoiro.	Analizar as funcións da atmosfera e o seu papel para a vida na Terra	PE	60
CA5.5 - Recoñecer os impactos ambientais sobre a hidrosfera e a atmosfera debidos á acción humana relacionándoos coas súas causas e consecuencias no medio.	Recoñecer os impactos ambientais sobre a atmosfera e a hidrosfera		
CA5.6 - Comprender o papel determinante da atmosfera, hidrosfera, biosfera e xeosfera na edafoxénese, así como a súa influencia no modelado terrestre, identificando as funcións do solo.	Comprender o papel determinante da atmosfera na adafxénese		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Valorar a contribución da ciencia á sociedade, destacando o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo.	TI	40
CA5.1 - Explicar procesos biolóxicos ou xeolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico ou recursos dixitais.	Explicar de forma básica procesos biolóxicos ou xeolóxicos		
CA5.2 - Interpretar a paisaxe analizando os seus elementos e reflexionando sobre o impacto ambiental derivados de determinadas accións humanas.	Interpretar a paisaxe		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia. - A atmosfera. Composición e estrutura. - Importancia da atmosfera para a existencia da vida na Terra. - Impactos ambientais sobre a atmosfera. O incremento do efecto invernadoiro e a contaminación atmosférica. - O cambio climático.

UD	Título da UD	Duración
9	A hidrosfera	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Explicar procesos biolóxicos ou xeolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico ou recursos dixitais.	Explicar de forma básica os procesos biolóxicos ou xeolóxicos	PE	60
CA5.4 - Analizar as funcións da hidrosfera e o seu papel esencial para a vida na Terra reflexionando sobre a importancia do ciclo da auga.	Analizar as funcións da hidrosfera e o seu papel esencial para a vida na Terra		
CA5.6 - Comprender o papel determinante da atmosfera, hidrosfera, biosfera e xeosfera na edafoxénese, así como a súa influencia no modelado terrestre, identificando as funcións do solo.	Comprender o papel determinante da atmosfera, hidrosfera, biosfera e xeosfera na edafoxénese		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Valorar a contribución da ciencia á sociedade, destacando o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo.	TI	40
CA5.2 - Interpretar a paisaxe analizando os seus elementos e reflexionando sobre o impacto ambiental derivados de determinadas accións humanas.	Interpretar a paisaxe analizando os seus elementos		
CA5.5 - Recoñecer os impactos ambientais sobre a hidrosfera e a atmosfera debidos á acción humana relacionándoos coas súas causas e consecuencias no medio.	Recoñecer os impactos ambientais sobre a hidrosfera e a atmosfera		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia. - A atmosfera. Composición e estrutura. - A hidrosfera. Distribución da auga na Terra. Propiedades e ciclo da auga. - Importancia da auga para os seres vivos. - Impactos ambientais sobre a hidrosfera. Contaminación e xestión sostible da auga. - Interaccións entre a atmosfera, a hidrosfera, a xeosfera e a biosfera. O seu papel na edafoxénese e no modelado do relevo e a súa importancia para a vida. As funcións do solo.

4.1. Concrecións metodolóxicas

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

As propostas pedagóxicas elaboraranse tendo en conta a atención á diversidade e os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo a aprendizaxe en equipo. A metodoloxía didáctica será activa e participativa, favorecendo o traballo individual do alumnado e o traballo cooperativo.

Así mesmo, traballaránse os valores transversais fomentando especialmente a comprensión lectora e a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

No proceso de ensinanza e aprendizaxe seguiremos distintos tipos de aprendizaxe:

- 1º: Aprendizaxe significativa. Partindo dos coñecementos previos, os alumnos e alumnas han de de ser capaces de aprender a aprender, para poder establecer relacións entre a materia e a súa propia realidade.
- 2º: Aprendizaxe funcional. Os novos contidos deberán ser empregados polos alumnos/as cando así estes o precisen. Para iso débese facer unha memorización comprensiva e razoada.
- 3º: Aprendizaxe cooperativa. Traballar a materia en grupo, no laboratorio, no desenvolvemento de proxectos de investigación ou mediante debates, aumentará o interese pola mesma.
- 4º: Aprendizaxe mediante o emprego das TICs. Coa utilización de Internet, de vídeos divulgativos e do encerado dixital, que será utilizado como apoio ás explicacións

TIPOS DE ACTIVIDADES E PROXECTOS

A metodoloxía didáctica adaptarase ás características de cada alumno/a, favorecendo a súa capacidade para aprender por si mesmo/a e para traballar en equipo, iniciándoo no coñecemento da realidade de acordo cos principios básicos do método científico. Ademais terase en conta:

- Incorporación da dimensión práctica ás áreas.
- Fomentar o traballo en equipo.
- Fomentar a capacidade de autonomía do alumnado e desenvolver a capacidade de aprender a aprender.

DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES

O fío condutor que se seguirá á hora de desenvolver as distintas unidades didácticas será o seguinte:

- a) Introducción á unidade didáctica.
- b) Análise dos coñecementos previos dos alumnado.
- c) Exposición de contidos e desenvolvemento da unidade.
- d) Resumo e síntese dos contidos da unidade.

TIPOS DE AGRUPAMENTOS

As diversas formas de agrupamento que se utilizarán, divídense en tres tipos:

- Gran grupo.
- Equipos de traballo cooperativo.
- Traballo individual.

CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS

Preténdese contribuir ao Plan Lector do Centro, coas lecturas de artigos xornalísticos e textos do libro do alumno/a.

Así mesmo, contribuirase ao Plan Dixital coa proxección de vídeos, traballos nos ordenadores, clases expositivas empregando presentacións dixitais, avaliacións interactivas e kahoots.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de Bioloxía e Xeoloxía de 1ºESO da editorial Mc Graw Hill
Fichas de actividades de desenvolvemento da unidade
Ficha de actividades de reforzo dos saberes básicos adquiridos
Fichas de actividades de ampliación de saberes
Caderno do alumnado
Materiais da aula

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo en parellas ou grupal.

O espazo empregado para as clases prácticas será o laboratorio de ciencias, dotado do instrumental e materiais presentes de xeito habitual nun laboratorio escolar.

No que se refire ás ferramentas que centrarán o traballo do alumnado na aula, as principais serán o libro de texto recomendado polo Departamento de Bioloxía e Xeoloxía do centro e o caderno.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

AVALIACIÓN INICIAL

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias e contidos básicos. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como o seu coñecemento das destrezas da materia así como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante as avaliacións iniciais, ao inicio do curso. En función dos resultados obtidos, e coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	20	10	10	10	10	10	10	100
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40

Criterios de cualificación:

En cada trimestre realizarase, a lo menos, dúas probas escritas cos contidos específicos asociados aos criterios de avaliación. Estas probas escritas representarán o 60% da nota da avaliación.

O outro 40%, vén definido polos criterios de avaliación que se recollen nas táboas de indicadores. Estes criterios de avaliación estarán asociados a distintas rúbricas e listas de cotexo que se analizarán en distintos procedementos de avaliación ao longo de todas as unidades:

- Traballos cooperativos
- Traballos individuais
- Rexistro de observación directa
- Proxecto científico
- Fichas de actividades de consolidación

- Fichas de actividades de reforzo
- Fichas de actividades de ampliación
- Prácticas de laboratorio

Polo tanto, os pesos para o cálculo da nota final en cada avaliación estarán representados por:

60% probas escritas

40% táboas de indicadores

A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais.

So se fará o redondeo na avaliación final e a partir do sexto decimal. Por exemplo, cando un estudante teña un 5,6 pasará a ser un 6.

Criterios de recuperación:

Despois de cada avaliación, o alumnado que non a teña superado terá dereito á realización dunha proba escrita baseada nos criterios mínimos de aceptación das unidades asociadas a cada unha desas avaliacións.

Considerarase que a avaliación está superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

En xuño haberá unha proba escrita final para o alumnado que teña algunha avaliación non superada. Esta proba estará baseada nos criterios mínimos de aceptación das unidades correspondentes. A avaliación será superada cando a súa nota media sexa igual ou superior a 5.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao longo do curso haberá tres avaliacións. Para recuperar a materia pendente o alumnado deberá realizar un dossier de exercicios baseado nas unidades de cada avaliación. Este dossier terá un peso dun 40% na calificación. Ademais o alumnado deberá facer probas escritas parciais baseadas nos contidos mínimos establecidos para cada avaliación. As probas escritas terán un peso dun 60%.

Aquel alumnado que non se presente ás probas escritas parciais terá dereito á realización dunha proba de avaliación final cos contidos mínimos das unidades establecidas para cada avaliación.

Considerarase superada cada unha das avaliacións cunha calificación igual ou superior a 5.

6. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral y escrita	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - Comunicación audiovisual		X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social y empresarial			X				X	
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico			X				X	
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	X
ET.2 - Expresión oral y escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Emprendemento social y empresarial	
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	
ET.7 - Educación emocional e en valores	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X
ET.9 - Creatividade	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Estudio da biodiversidade da contorna	O alumnado, acompañado das súas profesoras, fará un estudio das especies, endémicas e invasoras da contorna.			
Exposición de minerais de Galicia	O alumnado poderá disfrutar no propio centro, dunha exposición itinerante. Servirá como complemento á unidade da xeosfera.			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita á illa de Sálvora	O alumnado estudiará "in situ" unha parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecúase o nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Promociónase a participación activa do alumnado
Adecúase á temporalización das unidades didácticas
Implícase ás familias
Deséñanse as actividades atendendo á diversidade
Empréganse diferentes estratexias metodolóxicas
Empréganse diferentes agrupamentos
Créanse actividades de reforzo ou ampliación cando é preciso
Lévanse a cabo a avaliación inicial ao inicio do curso
Realízanse coordinacións de xeito periódico entre o profesorado dos grupos
Propónse un plan de traballo para cada unidade
En cada unidade, fanse actividades iniciais
Empréganse temas que motivan ao alumnado
Establécense relacións entre os contidos a tratar e os coñecementos previos do alumnado
Faise saber da importancia, utilidade e aplicación na vida real das aprendizaxes
Propociónase e explícaselle ao alumnado das rúbricas de avaliación
Promóvese a accesibilidade do profesorado ás familias

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado. Para facelo establécese unha escala do 1 ao 4, sendo o 4 a puntuación máxima.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia para o seguimento e autoavaliación do ensino será a temporalización definida na programación, comprobando de xeito periódico se o programado correspóndese coas necesidades do alumnado, para que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento para facer o seguimento será a programación de aula. Nela reflectiranse as unidades impartidas, as actividades realizadas e os recursos utilizados.

Ademais nas reunións de departamento comentarase o grao de consecución da programación e constarán en actas as posibles modificacións, dificultades encontradas e acordos tomados polos membros do departamento en relación a estes temas. A memoria final de curso tamén será un instrumento para concretar os principais problemas e propostas de mellora da programación. Con todos os datos, o departamento tomará os acordos que sexan necesarios para mellorar a programación do curso seguinte.

Para facer a valoración final que se incluírá na memoria, podemos ir empregando os indicadores que se amosan a continuación para o seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

Indicadores:

1. Adecuación do deseño das UD a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación das UD.
3. Adecuación da temporalización das UD.
4. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación prevista.
5. O desenvolvemento da programación respondeu á temporalización prevista.
6. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
7. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
8. Adecuación das prácticas de laboratorio seleccionadas.
9. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado.
10. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
11. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación.
12. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE (no caso de precisalas).

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006729	IES Valle-Inclán	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Bioloxía e xeoloxía	3º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	18
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	21

1. Introducción

Á hora de deseñar a presente programación foi tido en conta o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES Valle Inclán (Pontevedra). Este centro sitúase nun entorno urbano e predomina un nivel socioeconómico medio-alto.

Na presente programación detállase a organización dos diferentes elementos curriculares para a materia de Bioloxía e Xeoloxía de 3º da ESO. Así, a través dos diferentes contidos que traballaremos na aula, o noso alumnado poderá alcanzar os obxectivos e desenvolver as competencias clave.

Esta materia permitirá ao alumando coñecer o funcionamento do seu propio corpo, os hábitos de vida que debemos levar para estar saudables así como coñecer a súa contorna.

Contribuiremos, ademais, á alfabetización científica do alumando así como a que valoren o papel fundamental da ciencia na sociedade.

Neste nivel temos 4 grupos e un total de 120 alumnos e alumnas. O alumando é moi diverso, con diferentes niveis de competencia curricular e diferentes estilos de aprendizaxe. Para atender a esta diversidade, empregaremos metodoloxías activas e diferentes recursos e materiais que permitirán que os estudantes alcancen os obxectivos e desenvolvan as competencias.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar e transmitir información e datos científicos argumentando sobre eles e utilizando diferentes formatos para analizar conceptos e procesos das ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	1-2-5		4	2-3				4
OBX2 - Identificar, localizar e seleccionar información, contrastando a súa veracidade, organizándoa e avaliándoa criticamente para resolver preguntas relacionadas coas ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	3	1	4	1-2-3-4-5	4			
OBX3 - Planificar e desenvolver proxectos de investigación, seguindo os pasos das metodoloxías científicas e cooperando cando sexa necesario para indagar en aspectos relacionados coas ciencias xeolóxicas e biolóxicas.	1-2		2-3-4	1-2	3		3	
OBX4 - Utilizar o razoamento e o pensamento computacional, analizando criticamente as respostas e solucións e reformulando o procedemento, de ser necesario, para resolver problemas ou dar explicación a procesos da vida cotiá relacionados coa bioloxía e coa xeoloxía.			1-2	5	5		1-3	4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Analizar os efectos de determinadas accións sobre o medio ambiente e a saúde baseándose nos fundamentos das ciencias biolóxicas e da Terra para promover e adoptar hábitos que eviten ou minimicen os impactos ambientais negativos, que sexan compatibles cun desenvolvemento sostible e que permitan manter e mellorar a saúde individual e colectiva.			2-5	4	1-2	3-4	1	
OBX6 - Analizar os elementos dunha paisaxe concreta valorándoo como patrimonio natural e utilizando coñecementos sobre xeoloxía e ciencias da Terra para explicar a súa historia xeolóxica, propoñer accións encamiñadas á súa protección e identificar posibles riscos naturais.			1-2-4-5	1		4	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O corpo humano	Na presente unidade traballaremos os contidos relacionados coa célula e os niveis de organización, para despois ver os diferentes tecidos do corpo humano e o medio interno.	10	7	X		
2	Alimentación e nutrición	Nesta unidade veremos a diferenza entre alimentación e nutrición, os tipos de nutrientes e alimentos, as nosas necesidades enerxéticas diarias, o concepto de dieta equilibrada, a conservación dos alimentos, hábitos saudables e trastornos de alimentación.	10	7	X		
3	Aparello dixestivo e respiratorio	Na unidade estudaremos a estrutura e función do aparello dixestivo e do respiratorio así como as enfermidades e hábitos saudables asociados a eles.	10	7	X		
4	Aparello circulatorio e excretor	Nesta unidade estudaremos a estrutura e función dos aparellos circulatorio e excretor. Traballaremos co sistema circulatorio e linfático, estudaremos os compoñentes do sangue, os vasos sanguíneos, o corazón, o ciclo cardíaco e a circulación. Despois traballaremos a excreción, co aparello urinario e finalmente as enfermidades asociadas a ambos.	10	7		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Sistema nervioso e endócrino	Nesta unidade afondaremos na función de relación, comezando por estudar a fisioloxía e organización do sistema nervioso e despois do sistema endócrino. Neste último estudaremos as hormonas así como as patoloxías que afectan a este sistema.	10	7		X	
6	Órganos dos sentidos e aparello locomotor	Na presente unidade veremos os sentidos e os órganos dos sentidos así como a estrutura e función do aparello locomotor.	10	7		X	
7	Reprodución e sexualidade	Nesta unidade veremos a estrutura e función do aparello reprodutor feminino e masculino, para despois estudar a fecundación, embarazo e parto. Finalmente, veremos a fertilidade, sexualidade e métodos anticonceptivos.	10	7			X
8	Saúde e enfermidade	Na presente unidade traballaremos cos conceptos de saúde e enfermidade. A continuación, veremos os conceptos básicos do sistema inmunolóxico así como os transplantes e as doazóns. Finalmente, traballaremos cos efectos das principais substancias aditivas.	10	7	X	X	X
9	Os riscos xeolóxicos	Na presente unidade estudaremos os riscos naturais, a actividade sísmica e volcánica na Terra en relación coa tectónica de placas e o risco sísmico en Galicia.	10	7			X
10	O ser humano e o medioambiente	Na presente unidade analizaremos a relación entre o ser humano e o medioambiente, valorando o efecto do ser humano sobre a contaminación e os residuos. Finalmente, analizaremos o desenvolvemento sostible.	10	7			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O corpo humano	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoñecer a célula como a unidade estrutural e funcional dos seres vivos a través do coñecemento dos postulados da teoría celular.	Recoñecer a célula como a unidade estrutural e funcional dos seres vivos.	PE	60
CA3.3 - Diferenciar as estruturas básicas dos diferentes tipos de células utilizando diferentes estratexias de observación e comparación e relacionándoas coas súas funcións.	Diferenciar as estruturas básicas dos diferentes tipos de células.		
CA3.4 - Describir os virus como formas acelulares causantes dalgunhas patoloxías nos humanos.	Describir os virus como formas acelulares.		
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web...), mantendo unha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos.	TI	40
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Resolver cuestións básicas sobre bioloxía e xeoloxía.		
CA3.1 - Analizar e comprender a información sobre procesos biolóxicos ou traballos científicos transmitíndoa de forma clara e utilizando a terminoloxía e o formato adecuados.	Analizar e comprender a información sobre procesos biolóxicos ou traballos científicos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. - A teoría celular. Recoñecemento da célula como unidade estrutural e funcional dos seres vivos: - Estrutura básica da célula. Tipos de células: procariotas e eucariotas (animais e vexetais). - Observación e comparación de tipos de células ao microscopio e outros medios (vídeos, fotografías...) mediante distintas estratexias e destrezas. - Formas acelulares.

UD	Título da UD	Duración
2	Alimentación e nutrición	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Reflexionar sobre a importancia da alimentación e da nutrición para o bo funcionamento do organismo recoñecendo as diferenzas entre alimentación e nutrición e diferenciando os nutrientes e as súas funcións básicas.	Reflexionar sobre a importancia da alimentación e da nutrición.	PE	60
CA5.1 - Resolver cuestións relacionadas con hábitos de vida saudables localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Resolver cuestións relacionadas con hábitos de vida saudables.		
CA5.3 - Analizar criticamente a solución a un problema relacionado coa alimentación saudable, coas drogas e coa sexualidade.	Analizar criticamente a solución a un problema relacionado coa alimentación saudable.		
CA5.5 - Analizar a importancia dunha boa alimentación e actividade física percibíndoos como hábitos saudables para o individuo e a sociedade.	Analizar a importancia dunha boa alimentación.		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información sobre temas biolóxicos distinguíndoa de pseudociencias.	TI	40
CA1.5 - Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	Diseñar e realizar a toma de datos e análise de fenómenos biolóxicos.		
CA4.1 - Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico, o pensamento computacional ou recursos dixitais.	Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas. - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia. - Función de nutrición: aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor. - Importancia da nutrición e relación entre a anatomía e a fisioloxía básica dos aparellos que participan nela. - Hábitos saudables con relación á alimentación. Características dunha dieta saudable e análise da súa importancia.

UD	Título da UD	Duración
3	Aparello dixestivo e respiratorio	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Identificar os aparellos e sistemas que participan na función de nutrición.	Identificar algúns aparellos e sistemas que participan na función de nutrición.	PE	60
CA4.5 - Explicar os procesos fundamentais da nutrición relacionándoos coas estruturas dos aparellos e dos sistemas que interveñen nela.	Explicar os procesos fundamentais da nutrición.		
CA5.4 - Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención de doenzas exemplificando con situacións próximas ao alumnado.	Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos e estilos de vida saudables.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Función de nutrición: aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor. - Importancia da nutrición e relación entre a anatomía e a fisioloxía básica dos aparellos que participan nela. - Cuestións e problemas prácticos relacionados con coñecementos de fisioloxía e anatomía dos principais sistemas e aparellos do organismo implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución. - Hábitos saudables con relación á alimentación. Características dunha dieta saudable e análise da súa importancia.

UD	Título da UD	Duración
4	Aparello circulatorio e excretor	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Identificar os aparellos e sistemas que participan na función de nutrición.	Identificar algúns aparellos e sistemas que participan na función de nutrición.	PE	60
CA4.5 - Explicar os procesos fundamentais da nutrición relacionándoos coas estruturas dos aparellos e dos sistemas que interveñen nela.	Explicar de forma sinxela os procesos fundamentais da nutrición relacionándoos coas estruturas dos aparellos e dos sistemas que interveñen nela.		
CA4.1 - Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico, o pensamento computacional ou recursos dixitais.	Resolver problemas sinxelos sobre procesos biolóxicos.	TI	40
CA5.1 - Resolver cuestións relacionadas con hábitos de vida saudables localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Resolver cuestións relacionadas con hábitos de vida saudables.		
CA5.4 - Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención de doenzas exemplificando con situacións próximas ao alumnado.	Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos de vida saudables.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Función de nutrición: aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor. - Importancia da nutrición e relación entre a anatomía e a fisioloxía básica dos aparellos que participan nela. - Cuestións e problemas prácticos relacionados con coñecementos de fisioloxía e anatomía dos principais sistemas e aparellos do organismo implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución. - Hábitos saudables con relación á alimentación. Características dunha dieta saudable e análise da súa importancia.

UD	Título da UD	Duración
5	Sistema nervioso e endócrino	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Analizar criticamente a solución a un problema sobre fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Analizar de forma básica a solución a un problema biolóxico.	PE	60
CA4.6 - Recoñecer os órganos, aparatos e sistemas que interveñen na función de relación establecendo as diferenzas e as funcións de cada un e describindo os principais procesos, órganos e estruturas implicadas.	Recoñecer algúns órganos, aparellos e sistemas que interveñen na función de relación.		
CA4.7 - Comprender a relación funcional entre o sistema nervioso e o sistema endócrino.	Comprender aspectos básicos da relación entre o sistema nervioso e o sistema endócrino.		
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web...), mantendo unha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Analizar e explicar conceptos básicos e procesos biolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos.	TI	40
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	Cooperar dentro de un proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta.		
CA5.1 - Resolver cuestións relacionadas con hábitos de vida saudables localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Resolver cuestións básicas relacionadas con hábitos de vida saudables.		
CA5.2 - Recoñecer a información con base científica sobre cuestións relacionadas coa saúde humana distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información con base científica sobre cuestións relacionadas coa saúde.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia. - Función de relación: receptores sensoriais, centros de coordinación e órganos efectores. - Análise e visión xeral da función de relación. - Cuestións e problemas prácticos relacionados con coñecementos de fisioloxía e anatomía dos principais sistemas e aparellos do organismo implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución. - Hábitos saudables con relación á alimentación. Características dunha dieta saudable e análise da súa importancia. - Hábitos encamiñados á conservación da saúde física, mental e social (hixiene do sono, hábitos posturais, uso responsable das novas tecnoloxías, actividade física, autorregulación emocional, coidado e corresponsabilidade...).

UD	Título da UD	Duración
6	Órganos dos sentidos e aparello locomotor	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Recoñecer os órganos, aparatos e sistemas que interveñen na función de relación establecendo as diferenzas e as funcións de cada un e describindo os principais procesos, órganos e estruturas implicadas.	Recoñecer algúns órganos, aparellos e sistemas que interveñen na función de relación.	PE	60
CA4.2 - Analizar criticamente a solución a un problema sobre fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Analizar de forma básica a solución a un problema biolóxico.	TI	40
CA5.4 - Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención de doenzas exemplificando con situacións próximas ao alumnado.	Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos de vida saudables.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Función de relación: receptores sensoriais, centros de coordinación e órganos efectores. - Análise e visión xeral da función de relación. - Cuestións e problemas prácticos relacionados con coñecementos de fisioloxía e anatomía dos principais sistemas e aparellos do organismo implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución. - Hábitos encamiñados á conservación da saúde física, mental e social (hixiene do sono, hábitos posturais, uso responsable das novas tecnoloxías, actividade física, autorregulación emocional, coidado e corresponsabilidade...).

UD	Título da UD	Duración
7	Reproducción e sexualidade	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.8 - Recoñecer os procesos da reprodución humana identificando as estruturas do aparello reprodutor e endócrino implicadas.	Recoñecer algúns procesos da reprodución humana.	PE	60
CA5.3 - Analizar criticamente a solución a un problema relacionado coa alimentación saudable, coas drogas e coa sexualidade.	Analizar de forma básica a solución a un problema relacionado coa sexualidade.		
CA5.6 - Recoñecer o sexo e a sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre homes e mulleres e respectando a diversidade sexual.	Recoñecer aspectos básicos do sexo e da sexualidade desde a perspectiva de igualdade.		
CA4.9 - Reflexionar sobre a reprodución e a sexualidade valorando a súa propia sexualidade e a das persoas da súa contorna.	Reflexionar sobre a reprodución e a sexualidade.	TI	40
CA5.4 - Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención de doenzas exemplificando con situacións próximas ao alumnado.	Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos de vida saudables.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Función de reprodución: aparello reprodutor e sistema endócrino. - Relación entre a anatomía e a fisioloxía básicas do aparello reprodutor. - Reprodución e sexualidade. - Cuestións e problemas prácticos relacionados con coñecementos de fisioloxía e anatomía dos principais sistemas e aparellos do organismo implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución. - Sexo e sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre os homes e as mulleres e o respecto á diversidade sexual. Importancia da educación sexual integral como parte dun desenvolvemento harmónico: - Infeccións de transmisión sexual (ITS). - Métodos de anticoncepción e prácticas sexuais responsables. A asertividade e o autocoidado. - As relacións afectivo-sexuais: ideas preconcebidas e estereotipos sexuais. - Hábitos encamiñados á conservación da saúde física, mental e social (hixiene do sono, hábitos posturais, uso responsable das novas tecnoloxías, actividade física, autorregulación emocional, coidado e corresponsabilidade...).

UD	Título da UD	Duración
8	Saúde e enfermidade	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.7 - Recoñecer as drogas (incluídas as de curso legal) considerándoas como causa de prexuizos non só para as persoas que as consomen, senón tamén para as que están na súa contorna próxima.	Recoñecer as drogas (incluídas as de uso legal).	PE	60
CA6.3 - Comparar as enfermidades infecciosas e non infecciosas identificando as medidas de prevención e os tratamentos que existen ata o momento.	Comparar as enfermidades infecciosas e non infecciosas.		
CA6.4 - Analizar o funcionamento e as estruturas que comprende o sistema inmunitario recoñecendo o seu papel na prevención e superación das enfermidades infecciosas.	Analizar o funcionamento e as estruturas que comprende o sistema inmunitario.		
CA5.3 - Analizar criticamente a solución a un problema relacionado coa alimentación saudable, coas drogas e coa sexualidade.	Analizar de forma básica a solución a un problema relacionado coas drogas.	TI	40
CA6.1 - Analizar conceptos e procesos relacionados coa saúde e coa enfermidade interpretando información en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web), mantendo unha actitude crítica e obtendo conclusións fundamentadas.	Analizar de forma básica, conceptos e procesos relacionados coa saúde e coa enfermidade.		
CA6.2 - Recoñecer a información con base científica en relación coa saúde e coa enfermidade distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información con base científica en relación coa saúde e coa enfermidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Efectos prexudiciais das drogas legais e ilegais, tanto para os consumidores coma para quen está na súa contorna próxima. - Hábitos encamiñados á conservación da saúde física, mental e social (hixiene do sono, hábitos posturais, uso responsable das novas tecnoloxías, actividade física, autorregulación emocional, coidado e corresponsabilidade...). - Enfermidades infecciosas e non infecciosas: - Diferenciación en base á súa etioloxía. - Medidas de prevención e tratamento de enfermidades infecciosas. - O uso adecuado dos antibióticos. - Sistema inmunitario: análise dos diferentes tipos de barreiras e mecanismos de defensa que dificultan a entrada de patóxenos ao organismo. - Relación entre o sistema inmunitario e a prevención e superación fronte ás enfermidades infecciosas. - Importancia da vacinación na prevención de enfermidades e na mellora da calidade da vida humana. - Importancia dos transplantes e da doazón de órganos.

UD	Título da UD	Duración
9	Os riscos xeolóxicos	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Clasificar os riscos empregando como criterio as causas naturais que os producen.	Clasificar algúns riscos empregando como criterio as causas naturais que os producen.	PE	60
CA2.2 - Analizar os riscos naturais a través dos factores de risco valorando a importancia das medidas de predición e prevención.	Analizar algúns riscos naturais a través dos factores de risco.		
CA2.3 - Explicar a orixe e a distribución da actividade sísmica e volcánica na Terra e os tipos de erupcións volcánicas, integrándoas coa teoría da tectónica de placas.	Explicar de forma básica a orixe e a distribución da actividade sísmica e volcánica na Terra.		
CA2.4 - Valorar a importancia da análise do risco sísmico e volcánico e as medidas de predición e prevención para minimizar os seus efectos, buscando e aportando exemplos.	Valorar a importancia da análise do risco sísmico e volcánico.	TI	40
CA2.5 - Localizar as áreas con risco sísmico en Galicia seleccionando información mediante o uso correcto de diferentes fontes.	Localizar algúns áreas con risco sísmico en Galicia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Riscos naturais: - Definición e clasificación. - Análise e planificación. - Actividade sísmica e volcánica na Terra en relación coa teoría da tectónica de placas: - Orixe e distribución global dos terremotos e do vulcanismo na Terra. - Tipos de erupcións volcánicas. - Análise do risco sísmico e volcánico. Medidas de predición e prevención. O risco sísmico en Galicia.

UD	Título da UD	Duración
10	O ser humano e o medioambiente	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Expor de forma sinxela preguntas e hipóteses sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos.	PE	60
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela.		
CA1.5 - Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	Diseñar e realizar a experimentación e a toma de datos de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	TI	40
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante as ferramentas dixitais e o formato adecuado (táboas, gráficos, informes...) interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	Presentar de forma básica as conclusións do proxecto de investigación.		
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas. - Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais. - Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento. - A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada. - Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade. - Modelado como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As propostas pedagóxicas elaboraranse tendo en conta a atención á diversidade e os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo a aprendizaxe en equipo. A metodoloxía didáctica será activa e participativa, favorecendo o traballo individual do alumnado e o traballo cooperativo.

Así mesmo, traballaránse os valores transversais fomentando especialmente a comprensión lectora e a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula así como a integración dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible ODS.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

No proceso de ensinanza e aprendizaxe seguiremos distintos tipos de aprendizaxe:

1º: Aprendizaxe significativa. Partindo dos coñecementos previos, os alumnos e alumnas han de de ser capaces de aprender a aprender, para poder establecer relacións entre a materia e a súa propia realidade.

2º: Aprendizaxe funcional. Os novos contidos deberán ser empregados polos alumnos/as cando así estes o precisen. Para iso débese facer unha memorización comprensiva e razoada.

3º: Aprendizaxe cooperativa. Traballar a materia en grupo, no laboratorio, no desenvolvemento de proxectos de investigación ou mediante debates, aumentará o interese pola mesma.

4º: Aprendizaxe mediante o emprego das TICs. Coa utilización de Internet, de vídeos divulgativos e do encerado dixital, que será utilizado como apoio ás explicacións

TIPOS DE ACTIVIDADES E PROXECTOS

A metodoloxía didáctica adaptarase ás características de cada alumno/a, favorecendo a súa capacidade para aprender por si mesmo/a e para traballar en equipo, iniciándoo no coñecemento da realidade de acordo cos principios básicos do método científico. Ademais terase en conta:

- Incorporación da dimensión práctica ás áreas.
- Fomentar o traballo en equipo.
- Fomentar a capacidade de autonomía do alumnado e desenvolver a capacidade de aprender a aprender.

DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES

O fío condutor que se seguirá á hora de desenvolver as distintas unidades didácticas será o seguinte:

- Introdución á unidade didáctica.
- Análise dos coñecementos previos dos alumnado.
- Exposición de contidos e desenvolvemento da unidade.
- Resumo e síntese dos contidos da unidade.

TIPOS DE AGRUPAMENTOS

As diversas formas de agrupamento que se utilizarán, divídense en tres tipos:

- Gran grupo.
- Equipos de traballo cooperativo.
- Traballo individual.

CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS

Preténdese contribuir ao Plan Lector do Centro, coas lecturas de artigos xornalísticos e textos do libro do alumno/a. Tamén se traballará para contribuir ao Plan de Igualdade do Centro.

Así mesmo, contribuirase ao Plan TICs coa proxección de vídeos, traballos nos ordenadores, clases expositivas empregando presentacións dixitais, avaliacións interactivas e kahoots.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro Bioloxía e Xeoloxía Editorial McGraw Hill
Fichas con actividades de desenvolvemento
Fichas con actividades de reforzo
Fichas con actividades de ampliación
Caderno do alumnado
Materiais da aula

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo en parellas ou grupal.

O espazo empregado para as clases prácticas será o laboratorio de ciencias, dotado do instrumental e materiais presentes de xeito habitual nun laboratorio escolar.

No que se refire ás ferramentas que centrarán o traballo do alumnado na aula, as principais serán o libro de texto recomendado polo Departamento de Bioloxía e Xeoloxía do centro e o caderno, recurso indispensable que será solicitado periodicamente para a súa avaliación.

No portfolio o alumnado gardará e clasificará trimestralmente non só todos aqueles documentos impresos que lle sexan entregados ao longo do curso, senón tamén os xerados por eles mesmos. Entre os recursos impresos mencionados destacan as fichas de comprensión lectora, os guións de prácticas, as fichas de actividades de consolidación e as actividades de reforzo e de ampliación específicas para cada alumno.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias e contidos básicos. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como o seu coñecemento das destrezas da materia así como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante as avaliacións iniciais, ao inicio do curso. En función dos resultados obtidos, e coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	60
Táboa de indicadores	40

Criterios de cualificación:

En cada trimestre realizaranse alo menos, dúas probas escritas asociados aos criterios de avaliación. En cada unha das tres avaliacións, realizarase unha media aritmética das notas das probas escritas. Esta media, representará o 75% da nota da avaliación.

O outro 25%, vén definido polos criterios de avaliación que se recollen nas táboas de indicadores. Estes criterios de avaliación son os que seguen:

- Prácticas de laboratorio
- Traballos cooperativos
- Traballos individuais
- Caderno de aula
- Proxecto científico
- Fichas de actividades de consolidación
- Fichas de actividades de reforzo
- Fichas de actividades de ampliación

Polo tanto, os pesos para o cálculo da nota final en cada avaliación estarán representados por:

75% probas escritas

25% táboas de indicadores

A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais.

So se fará o redondeo na avaliación final e a partir do sexto decimal. Por exemplo, cando un estudante teña un 5,6 pasará a ser un 6.

Criterios de recuperación:

Cando un alumno/a non supere unha avaliación, realizaráselle unha proba escrita baseada nos criterios mínimos de aceptación das unidades asociadas a esa avaliación. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

Cando un alumno/a terá a oportunidade de facer unha proba final para recuperar as avaliacións suspensas. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao longo do curso haberá tres avaliacións. Para recuperar a materia pendente o alumnado deberá realizar un dossier de exercicios baseados nas unidades de cada avaliación. Este dossier terá un peso dun 40% na avaliación final. Ademais o alumnado deberá facer probas escritas parciais baseadas nos contidos mínimos establecidos para cada avaliación. As probas escritas terán un peso dun 60%. Aquel alumnado que non se presente ás probas escritas parciais terá dereito a realización dunha proba de avaliación final e con contidos mínimos establecidos para cada avaliación.

Considerarase superada cada unha das avaliacións cando a media dos exercicios, traballos ou probas escritas sexa igual ou superior a 5.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial			X				X	
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X		X	X	X		X	
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión lectora	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita aos museos científicos de A coruña	Visita DOMUS		X	
Visita a un entorno natural para estudar os ecosistemas propios da zona	Visita a algunha das Illas Atlánticas			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Participación activa do alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Implicación das familias
Deseño das actividades atendendo á diversidade

Emprego de diferentes estratexias metodolóxicas
Emprego de diferentes agrupamentos
Creáronse actividades de reforzo ou ampliación cando foi preciso
Lévase a cabo a avaliación inicial ao inicio de curso
Realízanse coordinacións de xeito periódico entre o profesorado dos grupos
Propóñese un plan de traballo para cada unidade
Actividades de inicio en cada unidade
Empréganse temas que motivan ao alumnado
Establécense relacións entre os contidos a tratar e os coñecementos previos do alumnado
Faise saber a importancia, finalidade e aplicación na vida real das aprendizaxes.
Proporcionáanse e explícanse ao alumnado as rúbricas da avaliación
Promóvese a accesibilidade do profesorado ás familias

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado. Para facelo establécese unha escala do 0 ao 4.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia para o seguimento e autoavaliación do ensino será a temporalización definida na programación, comprobando de xeito periódico se o programado correspóndese coas necesidades do alumnado, para que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento para facer o seguimento será a programación de aula. Nela reflectirase as unidades impartidas, as actividades realizadas e os recursos utilizados.

Ademais nas reunións de departamento comentarase o grao de consecución da programación e constarán en actas as posibles modificacións, dificultades encontradas e acordos tomados polos membros do departamento en relación a estes temas. A memoria final de curso tamén será un instrumento para concretar os principais problemas e propostas de mellora da programación. Con todos os datos, o departamento tomará os acordos que sexan necesarios para mellorar a programación do curso seguinte.

Para facer a valoración final que se incluírá na memoria, podemos ir empregando os indicadores que se amosan a continuación para o seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

Indicadores:

1. Adecuación do deseño das UD a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación das UD.
3. Adecuación da temporalización das UD.
4. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación prevista.
5. O desenvolvemento da programación respondeu á temporalización prevista.
6. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
7. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
8. Adecuación das prácticas de laboratorio seleccionadas.
9. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado.
10. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.

11. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación.
12. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE (no caso de precisalas).

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006729	IES Valle-Inclán	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Bioloxía e xeoloxía	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	20

1. Introducción

Á hora de deseñar a presente programación foi tido en conta o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES Valle Inclán (Pontevedra). Este centro sitúase nun entorno urbano e predomina un nivel socioeconómico medio-alto.

Na presente programación detállase a organización dos diferentes elementos curriculares para a materia de Bioloxía e Xeoloxía de 4º da ESO. Así, a través dos diferentes contidos que traballaremos na aula, o noso alumnado poderá alcanzar os obxectivos e desenvolver as competencias clave.

Esta materia permitirá ao alumando coñecer as características dos diferentes Reinos, conceptos fundamentais sobre os ecosistemas así como as características da xeosfera, a atmosfera, a hidrosfera e a biosfera.

Contribuiremos, ademais, á alfabetización científica do alumando así como a que valoren o papel fundamental da ciencia na sociedade.

Neste nivel temos 3 grupos e un total de 83 alumnos e alumnas. O alumando é moi diverso, con diferentes niveis de competencia curricular e diferentes estilos de aprendizaxe. Para atender a esta diversidade, empregaremos metodoloxías activas e diferentes recursos e materiais que permitirán que os estudantes alcancen os obxectivos e desenvolvan as competencias.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar e transmitir información e datos científicos argumentando sobre eles e utilizando diferentes formatos para analizar conceptos e procesos das ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	1-2-5		4	2-3				4
OBX2 - Identificar, localizar e seleccionar información, contrastando a súa veracidade, organizándoa e avaliándoa criticamente para resolver preguntas relacionadas coas ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	3	1	4	1-2-3-4-5	4			
OBX3 - Planificar e desenvolver proxectos de investigación, seguindo os pasos das metodoloxías científicas e cooperando cando sexa necesario para indagar en aspectos relacionados coas ciencias xeolóxicas e biolóxicas.	1-2		2-3-4	1-2	3		3	
OBX4 - Utilizar o razoamento e o pensamento computacional, analizando criticamente as respostas e solucións e reformulando o procedemento, de ser necesario, para resolver problemas ou dar explicación a procesos da vida cotiá relacionados coa bioloxía e coa xeoloxía.			1-2	5	5		1-3	4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Analizar os efectos de determinadas accións sobre o medio ambiente e a saúde baseándose nos fundamentos das ciencias biolóxicas e da Terra para promover e adoptar hábitos que eviten ou minimicen os impactos ambientais negativos, que sexan compatibles cun desenvolvemento sostible e que permitan manter e mellorar a saúde individual e colectiva.			2-5	4	1-2	3-4	1	
OBX6 - Analizar os elementos dunha paisaxe concreta valorándoo como patrimonio natural e utilizando coñecementos sobre xeoloxía e ciencias da Terra para explicar a súa historia xeolóxica, propoñer accións encamiñadas á súa protección e identificar posibles riscos naturais.			1-2-4-5	1		4	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A Terra no Universo	A orixe do universo e estrutura e características do sistema solar.	5	5	X		
2	Historia do planeta Terra	O tempo xeolóxico. Relación de éons, eras e sistemas cos principais acontecementos xeolóxicos, paleontolóxicos, climáticos e biolóxicos.	10	10	X		
3	A dinámica terrestre	Métodos de estudo do interior terrestre. Estrutura e dinámica da xeosfera. Tectónica de placas.	10	15	X		
4	Xeodinámica e relevo	A modelaxe do relevo segundo a acción dos axentes xeolóxicos. Riscos xeolóxicos. O relevo e paisaxe en Galicia	10	10	X		
5	A célula e o ciclo celular	A célula como unidade funcional e estrutural. Ciclo celular, división celular.	10	10		X	
6	Xenética molecular	A expresión xénica. Enxeñaría xenética e biotecnoloxía: aplicacións e implicacións.	10	10		X	
7	A herdanza	As leis de Mendel: resolución de problemas. Procesos que xeran variabilidade xenética. A expresión do fenotipo.	10	10		X	
8	Orixe e evolución dos seres vivos	Hipóteses sobre a orixe da vida na Terra. Evolución dos seres vivos: principais teorías, probas e mecanismos de evolución, especiación e evolución humana.	10	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Os ecosistemas	Estrutura dos ecosistemas: compoñentes e interaccións entres eles. Ciclo da materia e da enerxía. Dinámica dos ecosistemas: sucesións ecolóxicas.	10	10			X
10	O ser humano e o medio ambiente	Impactos ambientais derivados da actividade humana. Problemáticas ambientais e posibles solucións.	15	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A Terra no Universo	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer a orixe da Terra describindo as diferentes etapas da formación do universo e explicando a estrutura e as características do sistema solar.	Recoñecer a orixe da Terra describindo as diferentes etapas da formación do universo e explicando a estrutura e as características do sistema solar.	PE	75
CA1.3 - Realizar experimentos e tomar datos cuantitativos ou cualitativos sobre fenómenos biolóxicos e xeolóxicos utilizando os instrumentos, ferramentas ou técnicas adecuadas con corrección e precisión.	Realizar experimentos e tomar datos cuantitativos ou cualitativos sobre fenómenos biolóxicos e xeolóxicos	TI	25
CA1.5 - Cooperar e colaborar nas distintas fases dun proxecto científico para traballar con maior eficiencia, valorando a importancia da cooperación na investigación, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	Cooperar e colaborar nas distintas fases dun proxecto científico para traballar con maior eficiencia		
- Relación entre o magmatismo e a tectónica de placas.
- Identificación das rochas polas súas características: ferramentas de identificación (guías, claves, instrumentos, recursos tecnolóxicos...).

UD	Título da UD	Duración
5	Petroloxía endóxena. Metamorfismo e rochas metamórficas.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar criticamente conceptos e procesos relacionados cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais seleccionando e interpretando información en diversos formatos, como mapas (topográficos, hidrográficos, hidroxeolóxicos, xeolóxicos, de vexetación...), cortes, modelos, diagramas de fluxo ou outros.	Analizar criticamente conceptos e procesos relacionados cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais seleccionando e interpretando información en diversos formatos.	PE	80
CA1.2 - Comunicar informacións ou opinións razoadas relacionadas cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais, transmitíndoas de forma clara e rigorosa e utilizando o vocabulario e os formatos adecuados, como mapas (topográficos, hidrográficos, hidroxeolóxicos, xeolóxicos, de vexetación...), cortes, modelos, diagramas de fluxo ou outros e respondendo con precisión as cuestións que poidan xurdir durante a exposición.	Comunicar informacións ou opinións razoadas relacionadas cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais, transmitíndoas de forma clara e rigorosa e utilizando o vocabulario e os formatos adecuados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Describir a formación das rochas metamórficas recoñecendo os principios do metamorfismo.	Describir a formación das rochas metamórficas recoñecendo os principios do metamorfismo.		
CA5.4 - Clasificar as rochas ígneas, metamórficas e sedimentarias empregando criterios químicos, mineralóxicos, estruturais e/ou composiciónais.	Clasificar as rochas sedimentarias.		
CA5.5 - Identificar a través de diferentes métodos as principais rochas mediante a súa mineraloxía, textura e orixe.	Identificar as principais rochas sedimentarias.		
CA5.6 - Explicar fenómenos relacionados cos saberes da petroloxía a través da formulación e resolución de problemas buscando e utilizando as estratexias e os recursos adecuados (diagramas, modelos, figuras...).	Explicar fenómenos relacionados cos saberes da petroloxía a través da resolución de problemas.		
CA5.8 - Describir a formación e a evolución das rochas relacionando o magmatismo, o metamorfismo e a sedimentación coa teoría da tectónica de placas.	Describir a formación e a evolución das rochas sedimentarias.		
CA1.8 - Argumentar, utilizando exemplos concretos, sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela, destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución influída polo contexto político e social e polos recursos económicos.	Argumentar, utilizando exemplos concretos, sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela, destacando o papel da muller.	TI	20
CA5.7 - Analizar criticamente a solución a un problema relacionado cos saberes da petroloxía e reformular os procedementos utilizados ou conclusións se a devandita solución non fose viable ou ante novos datos achegados ou atopados con posterioridade.	Analizar criticamente a solución a un problema relacionado cos saberes da petroloxía.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A evolución histórica do saber científico: o avance da xeoloxía e as ciencias ambientais como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción. - O traballo xeolóxico e ambiental. - Instrumentos para a utilización no campo e no laboratorio. Novas tecnoloxías na investigación xeolóxica e ambiental. - Fontes de información xeolóxica e ambiental (mapas, cortes, fotografías aéreas, textos, posicionamento e imaxes de satélite, diagramas de fluxo...): procura, recoñecemento, utilización e interpretación. - Ferramentas de representación da información xeolóxica e ambiental: columna estratigráfica, corte, mapa, diagrama de fluxo... - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ao desenvolvemento da xeoloxía e das ciencias ambientais e importancia social. O papel da muller. - Características xerais das rochas. - Metamorfismo e rochas metamórficas. - Os límites e factores do metamorfismo. - Tipos de metamorfismo: rexional, de contacto e dinámico.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Minerais índice, grao e facies metamórficas. - Principais tipos de texturas. - Clasificación das rochas metamórficas: foliadas e non foliadas. Protolito, textura, mineraloxía e tipo de metamorfismo no que se forman. - Relación entre o metamorfismo e a tectónica de placas. - Identificación das rochas polas súas características: ferramentas de identificación (guías, claves, instrumentos, recursos tecnolóxicos...).

UD	Título da UD	Duración
6	Petroloxía exóxena. Sedimentación e rochas sedimentarias	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Explicar a orixe das rochas sedimentarias relacionando os procesos e os ambientes sedimentarios.	Explicar a orixe das rochas sedimentarias relacionando os procesos e os ambientes sedimentarios.	PE	80
CA5.4 - Clasificar as rochas ígneas, metamórficas e sedimentarias empregando criterios químicos, mineralóxicos, estruturais e/ou composiciónais.	Clasificar as rochas ígneas, metamórficas e sedimentarias empregando criterios químicos, mineralóxicos, estruturais e/ou composiciónais.		
CA5.5 - Identificar a través de diferentes métodos as principais rochas mediante a súa mineraloxía, textura e orixe.	Identificar a través de diferentes métodos as principais rochas mediante a súa mineraloxía, textura e orixe.		
CA5.6 - Explicar fenómenos relacionados cos saberes da petroloxía a través da formulación e resolución de problemas buscando e utilizando as estratexias e os recursos adecuados (diagramas, modelos, figuras...).	Explicar fenómenos relacionados cos saberes da petroloxía a través da formulación e resolución de problemas		
CA5.8 - Describir a formación e a evolución das rochas relacionando o magmatismo, o metamorfismo e a sedimentación coa teoría da tectónica de placas.	Describir a formación e a evolución das rochas relacionando o magmatismo, o metamorfismo e a sedimentación coa teoría da tectónica de placas.		
CA1.8 - Argumentar, utilizando exemplos concretos, sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela, destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución influída polo contexto político e social e polos recursos económicos.	Argumentar, utilizando exemplos concretos, sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela, destacando o papel da muller.	TI	20
CA5.7 - Analizar criticamente a solución a un problema relacionado cos saberes da petroloxía e reformular os procedementos utilizados ou conclusións se a devandita solución non fose viable ou ante novos datos achegados ou atopados con posterioridade.	Analizar criticamente a solución a un problema relacionado cos saberes da petroloxía		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ao desenvolvemento da xeoloxía e das ciencias ambientais e importancia social. O papel da muller.
- Características xerais da rochas.
- Sedimentación e rochas sedimentarias.
- Tipos de sedimentación e de sedimentos. A estratificación.
- Etapas e procesos da diaxénese.
- Características básicas dos medios sedimentarios e principais estruturas sedimentarias.
- Principais tipos de texturas.
- Clasificación das rochas sedimentarias: detríticas, bioquímicas e químicas.
- A formación do carbón, do petróleo e do gas natural.
- Relación entre os procesos sedimentarios e a tectónica de placas.
- Identificación das rochas polas súas características: ferramentas de identificación (guías, claves, instrumentos, recursos tecnolóxicos...).

UD	Título da UD	Duración
7	Procesos xeolóxicos externos.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender os diferentes tipos de meteorización analizando a influencia dos factores condicionantes.	Comprender os diferentes tipos de meteorización.	PE	80
CA3.2 - Describir os procesos edafoxenéticos identificando as características dos solos.	Describir os procesos edafoxenéticos.		
CA3.3 - Recoñecer os solos de Galicia seleccionando e interpretando información en ferramentas dixitais, mapas e imaxes.	Recoñecer os solos de Galicia.		
CA3.4 - Explicar a acción xeomorfolóxica dos axentes xeolóxicos externos a través dos mecanismos de erosión, transporte e sedimentación que xeran cada un deles.	Explicar a acción xeomorfolóxica dos axentes xeolóxicos externos.		
CA3.5 - Comprender a modelaxe do relevo identificando os factores condicionantes, procesos e formas xeomorfolóxicas características de cada medio.	Comprender a modelaxe do relevo		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Argumentar, utilizando exemplos concretos, sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela, destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución influída polo contexto político e social e polos recursos económicos.	Argumentar, utilizando exemplos concretos, sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela, destacando o papel da muller.	TI	20
CA3.6 - Investigar sobre a xeomorfoloxía de Galicia relacionando os axentes xeolóxicos e a modelaxe do relevo próximo.	Investigar sobre a xeomorfoloxía de Galicia relacionando os axentes xeolóxicos e a modelaxe do relevo próximo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ao desenvolvemento da xeoloxía e das ciencias ambientais e importancia social. O papel da muller. - A meteorización. - Tipos. - Os factores condicionantes. - Edafoloxía. - Factores que inflúen na formación e na evolución dun solo. - Compoñentes, horizontes, perfil e propiedades dos solos. - Solos característicos en Galicia. - A erosión, mecanismos de transporte e sedimentación. - A acción xeomorfolóxica dos axentes xeolóxicos externos. - A modelaxe do relevo. - Factores condicionantes. - Xeomorfoloxía glaciaria e periglaciaria, fluvial, árida e litoral. - Relevos litolóxicos e estruturais. - Xeomorfoloxía de Galicia.

UD	Título da UD	Duración
8	As capas fluídas da Terra. Atmosfera e hidrosfera.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar criticamente conceptos e procesos relacionados cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais seleccionando e interpretando información en diversos formatos, como mapas (topográficos, hidrográficos, hidroxeolóxicos, xeolóxicos, de vexetación...), cortes, modelos, diagramas de fluxo ou outros.	Analizar criticamente conceptos e procesos relacionados cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais seleccionando e interpretando información en diversos formatos.	PE	80
CA1.2 - Comunicar informacións ou opinións razoadas relacionadas cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais, transmitíndoas de forma clara e rigorosa e utilizando o vocabulario e os formatos adecuados, como mapas (topográficos, hidrográficos, hidroxeolóxicos, xeolóxicos, de vexetación...), cortes, modelos, diagramas de fluxo ou outros e respondendo con precisión as cuestións que poidan xurdir durante a exposición.	Comunicar informacións ou opinións razoadas relacionadas cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais, transmitíndoas de forma clara e rigorosa e utilizando o vocabulario e os formatos adecuados.		
CA6.1 - Identificar a composición, estrutura e funcións da atmosfera e da hidrosfera relacionándoas coa súa importancia para a orixe e a evolución da vida.	Identificar a composición, estrutura e funcións da atmosfera e da hidrosfera.		
CA6.2 - Explicar a dinámica da atmosfera e da hidrosfera a través de figuras e/ou diagramas.	Explicar a dinámica da atmosfera e da hidrosfera.		
CA6.3 - Recoñecer a distribución da auga na Terra relacionándoa co ciclo hidrolóxico.	Recoñecer a distribución da auga na Terra.		
CA6.4 - Analizar os principais procesos de contaminación do aire e da auga describindo as súas causas e as súas consecuencias sobre o medio ambiente.	Analizar os principais procesos de contaminación do aire e da auga.		
CA6.5 - Comprender a dinámica hídrica das augas subterráneas analizando a hidroxeoloxía dos acuíferos e describindo os impactos do seu uso e a explotación sostible.	Comprender a dinámica hídrica das augas subterráneas.	TI	20
CA6.6 - Argumentar que os avances científicos e tecnolóxicos permiten mellorar a calidade do aire e da auga.	Recoñecer os avances actuais na mellora da calidade do aire e da auga.		
CA1.8 - Argumentar, utilizando exemplos concretos, sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela, destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución influída polo contexto político e social e polos recursos económicos.	Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade, destacando o papel da muller.		
CA6.7 - Relacionar o impacto da explotación de determinados recursos coa deterioración ambiental argumentando sobre a importancia do seu consumo e o aproveitamento responsable.	Relacionar o impacto da explotación de determinados recursos coa deterioración ambiental.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O traballo xeolóxico e ambiental.

Contidos

- Instrumentos para a utilización no campo e no laboratorio. Novas tecnoloxías na investigación xeolóxica e ambiental.
- Fontes de información xeolóxica e ambiental (mapas, cortes, fotografías aéreas, textos, posicionamento e imaxes de satélite, diagramas de fluxo...): procura, recoñecemento, utilización e interpretación.
- Ferramentas de representación da información xeolóxica e ambiental: columna estratigráfica, corte, mapa, diagrama de fluxo...
- O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ao desenvolvemento da xeoloxía e das ciencias ambientais e importancia social. O papel da muller.
- A atmosfera.
- Composición e estrutura.
- Os movementos de convección e dinámica global.
- Funcións e importancia para os seres vivos.
- A hidrosfera.
- O ciclo hidrolóxico e a distribución da auga na Terra.
- As correntes oceánicas superficiais e profundas.
- Funcións e importancia para os seres vivos.
- Contaminación atmosférica e hídrica.
- As fontes e os tipos de contaminantes do aire e da auga.
- Causas e efectos dalgúns procesos: smog, chuva ácida, burato da capa de ozono, cambio climático, eutrofización e contaminación e sobreexplotación de acuíferos.

UD	Título da UD	Duración
9	Riscos naturais	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar criticamente conceptos e procesos relacionados cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais seleccionando e interpretando información en diversos formatos, como mapas (topográficos, hidrográficos, hidroxeolóxicos, xeolóxicos, de vexetación...), cortes, modelos, diagramas de fluxo ou outros.	Analizar criticamente conceptos e procesos relacionados cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais en diferentes formatos.	PE	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comunicar informacións ou opinións razoadas relacionadas cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais, transmitíndoas de forma clara e rigorosa e utilizando o vocabulario e os formatos adecuados, como mapas (topográficos, hidrográficos, hidroxeolóxicos, xeolóxicos, de vexetación...), cortes, modelos, diagramas de fluxo ou outros e respondendo con precisión as cuestións que poidan xurdir durante a exposición.	Comunicar informacións ou opinións razoadas relacionadas cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais.		
CA2.6 - Realizar predicións sobre riscos xeolóxicos internos nunha área determinada analizando a influencia de diferentes factores sobre eles e propor accións para previr ou minimizar os seus posibles efectos negativos.	Realizar predicións sobre riscos xeolóxicos internos nunha área e propor accións para previr ou minimizar os seus posibles efectos negativos.		
CA3.7 - Realizar predicións sobre riscos xeolóxicos externos nunha área determinada analizando a influencia de diferentes factores sobre eles e propor accións para previr ou minimizar os seus posibles efectos negativos.	Realizar predicións sobre riscos xeolóxicos internos analizando a influencia de diferentes factores sobre eles.		
CA1.3 - Realizar discusións científicas sobre aspectos relacionados cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais considerando os puntos fortes e débiles de diferentes posturas de forma razoada e con actitude receptiva e respectuosa ante a opinión dos demais.	Realizar discusións científicas sobre aspectos relacionados cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais		
CA1.4 - Expor e resolver cuestións e crear contidos relacionados cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais localizando e citando fontes de forma adecuada, seleccionando, organizando e analizando criticamente a información.	Expor e resolver cuestións e crear contidos relacionados cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais		
CA1.5 - Contrastar e xustificar a veracidade de información relacionada cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais utilizando fontes fiables, achegando datos e adoptando unha actitude crítica e escéptica cara a informacións sen unha base científica, como pseudociencias, teorías conspiradoras, crenzas infundadas, noticias falsas...	Contrastar e xustificar a veracidade de información relacionada cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais utilizando fontes fiables.	TI	20
CA1.6 - Avaliar a fiabilidade das conclusións dun traballo de investigación ou divulgación científica relacionado cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais de acordo coa interpretación dos resultados obtidos.	Avaliar a fiabilidade das conclusións dun traballo de investigación ou divulgación científica		
CA1.8 - Argumentar, utilizando exemplos concretos, sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela, destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución influída polo contexto político e social e polos recursos económicos.	Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade, destacando o papel da muller.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- A evolución histórica do saber científico: o avance da xeoloxía e as ciencias ambientais como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción.
- O traballo xeolóxico e ambiental.
- Instrumentos para a utilización no campo e no laboratorio. Novas tecnoloxías na investigación xeolóxica e ambiental.
- Fontes de información xeolóxica e ambiental (mapas, cortes, fotografías aéreas, textos, posicionamento e imaxes de satélite, diagramas de fluxo...): procura, recoñecemento, utilización e interpretación.
- Ferramentas de representación da información xeolóxica e ambiental: columna estratigráfica, corte, mapa, diagrama de fluxo...
- Procura de información en institucións científicas: ferramentas dixitais, formatos de presentación de procesos, resultados e ideas.
- O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ao desenvolvemento da xeoloxía e das ciencias ambientais e importancia social. O papel da muller.
- Os riscos xeolóxicos internos e a súa relación coas actividades humanas.
- Volcáns, terremotos e diapiros.
- Medidas de predición, prevención e corrección. A rede de vixilancia sísmica e volcánica.
- Os riscos xeolóxicos externos e a súa relación coas actividades humanas.
- Movementos de ladeira, inundacións, subsidencias e colapsos.
- Medidas de predición, prevención e corrección.

UD	Título da UD	Duración
10	Os recursos e asúa xestión sustentable.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA7.1 - Recoñecer a utilidade que teñen os recursos xeolóxicos a través das súas aplicacións na vida cotiá.	Recoñecer a utilidade dos recursos xeolóxicos.	PE	80
CA7.3 - Describir a importancia dos recursos hídricos valorando a súa explotación, tratamento eficaz e xestión sostible.	Describir a importancia dos recursos hídricos.		
CA7.4 - Identificar os recursos da biosfera relacionándoos coas súas aplicacións na vida cotiá.	Identificar os recursos da biosfera.		
CA7.5 - Promover e adoptar hábitos de vida sostibles a partir da análise dos diferentes tipos de recursos xeolóxicos e da biosfera analizando e valorando os seus posibles usos.	Promover e adoptar hábitos de vida sostibles.		
CA7.6 - Relacionar o impacto da explotación de determinados recursos coa deterioración ambiental e social argumentando sobre a importancia da súa extracción, uso e aproveitamento responsables.	Relacionar o impacto da explotación de determinados recursos coa deterioración ambiental e social.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA7.7 - Argumentar a importancia da prevención e xestión dos residuos valorando a súa diminución, valorización, transformación e eliminación e recoñecendo as limitacións do medio ambiente como o seu sumidoiro natural.	Argumentar a importancia da prevención e xestión dos recursos.		
CA1.8 - Argumentar, utilizando exemplos concretos, sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela, destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución influída polo contexto político e social e polos recursos económicos.	Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade, destacando o papel da muller.	TI	20
CA7.2 - Investigar os recursos xeolóxicos de Galicia relacionando os minerais e as rochas do territorio co seu interese económico e empregando ferramentas dixitais ou outras fontes.	Investigar os recursos xeolóxicos de Galicia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O patrimonio xeolóxico e ambiental en España e en Galicia: valoración da súa importancia e da conservación da xeodiversidade. - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ao desenvolvemento da xeoloxía e das ciencias ambientais e importancia social. O papel da muller. - Os recursos xeolóxicos e as súas aplicacións na vida cotiá. - Recurso, xacemento, reserva, lei, mena e ganga. - Minerais metálicos e non metálicos. As rochas industriais e ornamentais. - Recursos enerxéticos: carbón, petróleo, gas natural e uranio. - A explotación de rochas, minerais e recursos enerxéticos da xeosfera: tipos e avaliación do seu impacto ambiental. - Os recursos xeolóxicos en Galicia. - Os recursos hídricos: abundancia relativa, explotación, usos e importancia do tratamento eficaz das augas para a súa xestión sostible. - Os recursos da biosfera e as súas aplicacións da vida cotiá: o solo, recursos forestais, agrícolas e gandeiros. - Os impactos ambientais e sociais da explotación dos recursos. - Importancia da súa extracción, do seu uso e do seu consumo responsables, de acordo coa súa taxa de renovación e interese económico e coa capacidade de absorción e xestión sostible dos seus residuos. - Medidas preventivas, correctoras e compensatorias. - Os residuos. - Concepto e diferentes criterios de clasificación. - Prevención e xestión: importancia e obxectivos (diminución, valorización, transformación e eliminación). - O medio ambiente como sumidoiro natural de residuos e as súas limitacións.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Descrición

A metodoloxía didáctica da Xeoloxía de Ciencias Ambientais de 2º de bacharelato debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, traballar en equipo e aplicar os métodos propios da investigación científica. Tamén debe subliñar a relación dos aspectos teóricos da materia e as súas aplicacións prácticas.

A metodoloxía será activa, promovendo a aprendizaxe práctica e favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos, fomentando, en determinadas ocasións, o traballo cooperativo, fundamentalmente no laboratorio. Por todo iso, se empregarán distintas estratexias didácticas que combinen as estratexias expositivas con actividades de aplicación e outras de indagación.

Esta materia tamén contribúe a que o alumnado progrese en todas as competencias clave. Neste curso tratarase de alcanzar os niveis de competencia que lles permitan afrontar estudos superiores ou exercer determinadas profesións con éxito.

PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS

Para acadar os obxectivos, seguiranse os seguintes criterios:

- Aprendizaxe significativa: partindo dos coñecementos adquiridos nos cursos anteriores, os alumnos e alumnas deben ser capaces de aprender a aprender, adquirindo unha serie de coñecementos, habilidades e actitudes para poder establecer relacións entre a materia e a súa propia realidade.
 - Adaptación ás características do alumnado, ofrecendo actividades de acordo cos seus intereses sen perder o condicionante da preparación para as ABAU.
 - Autonomía: facilitando a capacidade do alumnado para aprender por se mesmo.
 - Actividade: fomentando a participación do alumnado na dinámica xeral da aula, combinando estratexias que propicien o traballo individual con outras que fomenten a interacción entre eles.
 - Motivación: despertando o interese do alumnado.
 - Rigor científico e desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas, interpretativas).
 - Funcionalidade: buscando o desenvolvemento de capacidades que permitan adquirir coñecementos relacionados coa materia doutras fontes e aplicalos na vida cotiá.

ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- Crear na aula un clima que favoreza as aprendizaxes significativas, que desenvolva o interese pola materia e estudos superiores, que permita a comunicación e o intercambio de saberes e experiencias para o desenvolvemento integral do alumnado.
 - Propoñer actividades que poñan de manifesto a correlación entre os fenómenos estudados na aula e os da vida cotiá.

SECUENCIACIÓN DO TRABALLO NA AULA

1) Introducción ao tema:

- Formulación de cuestións para explorar as ideas e coñecementos previos do alumnado.
- Presentación da unidade con vídeos, mapas conceptuais, gráficos, textos, fotos, que esperten o interese do alumnado.

2) Información do profesor/a:

- Información básica mediante presentacións en PowerPoint en cada tema para todo o alumnado.
- Información complementaria de reforzo ou afondamento procedente de libros, medios de comunicación, apps ou páxinas web.

3) Traballo persoal:

- Lectura e comprensión de textos.
- Memorización comprensiva.
 - Realización de prácticas de laboratorio nas que se traballará o recoñecemento dos minerais e as súas propiedades, das rochas e dos fósiles.
 - Elaboración e corrección de exames de selectividade e probas ABAU da materia de cursos anteriores, segundo os criterios de corrección da CiUG.

4) Avaliación:

- Probas escritas de avaliación e recuperación.
- Informes de prácticas de laboratorio.
 - Probas escritas de repaso, baseadas nos exames de selectividade e probas ABAU da materia de cursos anteriores.
- Actividades de consolidación.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto: Geología y Ciencias Ambientales. Proyecto Fanfest. Editorial Edelvives
Material de laboratorio: modelos cristalográficos e coleccións de minerais, rochas e fósiles
Ferramentas dixitais: aula virtual da materia.
Mapas xeolóxicos e topográficos.
Claves de identificación de fósiles, minerais e rochas.
Modelos de acceso á universidade de diferentes Comunidades Autónomas (incluídos os da nosa Comunidade).
Material bibliográfico en diferentes formatos: da biblioteca do centro, da aula de referencia e do laboratorio de ciencias
Material e mobiliario de aula
Medios audiovisuais de diferente natureza: vídeos da rede, apps, páxinas web de consulta.

Nesta materia alternarase o uso de dous espazos diferentes: por unha banda, unha aula móbil disposta diante da fachada principal do IES Valle Inclán debido ás obras que se están realizando a longo do presente curso. Esa aula móbil está equipada cunha pizarra dixital e dous encerados brancos e o alumnado dispón de pupitres individuais. Por outra banda, o grupo trasladarase ao laboratorio de Ciencias Naturais do centro coa finalidade de desenvolver a parte práctica da materia aproveitando que é un grupo reducido co que se pode traballar moi ben neste espazo.

O alumnado terá acceso á aula virtual da materia, no que a profesora incorporará todos os materiais necesarios para cada unha das unidades didácticas que forman parte da programación didáctica da materia; esta aula virtual será o medio de comunicación entre o alumnado e o profesor da materia durante o curso, especialmente en momentos da ausencia prolongada dalgún alumno/a.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na materia de Xeoloxía e Ciencias Ambientais de 2º de Bacharelato a avaliación inicial será a primeira proba escrita realizada. Nesa proba poderase ver a diversidade dentro do grupo clase e aplicar as estratexias necesarias para que aquel alumnado que non acade un resultado satisfactorio poda logralo nas seguintes probas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	12	8	10	10	10	12	10	10	10
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	80
Táboa de indicadores	20

Criterios de cualificación:

1. En cada avaliación, farase a seguinte ponderación:

a) Probas escritas: 80%. Mínimo dúas probas escritas por avaliación.

b) Prácticas de laboratorio e actividades de reforzo, consolidación, reflexión...: 20%.

2. Para obter a nota media da avaliación farase a media aritmética das probas escritas realizadas durante o período de avaliación multiplicado por 0,8 e sumaráse a media obtida no apartado de actividades multiplicada por 0,2. Considérase aprobado cando a nota da avaliación sexa igual ou superior a 5.

3. Para obter a nota final da materia na convocatoria ordinaria farase a media das notas medias obtidas nas tres avaliacións (ou recuperacións si é o caso) e aplicarase o seguinte redondeo:

A nota será un número enteiro que se obterá da seguinte maneira: entre o sexto decimal dun número e o quinto decimal do número seguinte asignaráselle o número enteiro central, por exemplo dende 4,6 ata 5,5 a nota da avaliación será 5.

Criterios de recuperación:

Despois de cada avaliación realizarase unha proba escrita de recuperación.

1. As recuperacións incluírán toda a materia do período avaliado. Consideraranse superadas cando a nota sexa igual ou superior a 5.

2. Na convocatoria extraordinaria de xuño farase unha proba global sobre os contidos mínimos fixados para cada materia e aplicarase o redondeo descrito con anterioridade. Avaliarase nunha escala de 1 a 10 e considerase superada cando a nota obtida sexa igual ou superior a 5.

6. Medidas de atención á diversidade

Para detectar e valorar, ao comezo do curso, as necesidades educativas do alumnado, consultarase o expediente e os informes individualizados do curso anterior. Se fose necesario, recorrerase ao departamento de orientación para determinar e valorar a necesidade doutras intervencións.

Como vén recollido no Decreto 157/2022 que establece a ordenación e o currículo, o bacharelato ten como finalidade proporcionar formación, madureza intelectual e humana, coñecementos, habilidades e actitudes que permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e aptitude.

O currículo, ao ser aberto, permite que se poida adaptar para que todo o alumnado, incluíndo o que non poida seguir o ritmo de aprendizaxe dos seus compañeiros e compañeiras, e tamén a aquel alumnado que teña capacidade de ampliar os contidos curriculares (alumnado con ACI), poda lograr esa finalidade.

É fundamental que todo o alumnado, independentemente das súas características, alcance os desempeños que se consideran imprescindibles para que poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais, é dicir, as competencias clave.

Estas competencias serán traballadas a través dos obxectivos de materia, é dicir, dos desempeños que o alumnado debe poder despreñar en actividades ou en situacións cuxa abordaxe require as aprendizaxes asociadas aos contidos de cada materia. Estes obxectivos constitúen un elemento de conexión entre, por unha banda, as competencias clave e, por outra, os criterios de avaliación e os contidos da materia.

As medidas estarán orientadas a alcanzar estes obxectivos a través de recursos de apoio que permitan atender ás diversas aptitudes, intereses, expectativas, e ao diferente ritmo de aprendizaxe do alumnado. Asemade, é moi importante a comunicación coa familia, a acción tutorial, e no caso de minusvalías, o apoio de profesorado especializado.

En xeral, os casos máis frecuentes que se detectan entre o alumnado son: trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, trastornos de atención ou de aprendizaxe ou altas capacidades intelectuais.

As medidas curriculares que se terán en conta serán as seguintes:

1. Nas primeiras semanas do curso a partir dos datos obtidos do expediente do alumno, dos informes individualizados do curso anterior, e do resultado das probas de diagnóstico que se farán para coñecer os coñecementos previos do alumnado e a súa actitude cara a materia.
2. En colaboración co departamento de orientación poderán contemplarse adaptacións curriculares para aqueles alumnos que teñan necesidades especiais.
3. A estrutura das probas escritas seguirá as directrices recomendadas polo departamento de orientación.
4. Se é necesario, prepararanse actividades e exercicios con distinto nivel de dificultade sobre os contidos propostos, para adaptarse ás distintas capacidades e distintos ritmos de aprendizaxe.
5. Axudarase ao alumnado a planificar o seu traballo.
6. Aconsellarase ao alumnado sobre técnicas de aprendizaxe e estudo da materia.

Medidas organizativas:

Cos datos obtidos na primeira avaliación, poderán establecerse:

1. Agrupamentos selectivos coa finalidade de que o alumnado complemente as súas capacidades.
2. Cambios na distribución espacial dos alumnos para mellorar o seu grado de atención e rendemento na clase.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X							X
ET.4 - Competencia dixital	X							

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X							
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X							X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X							

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X

Observacións:

Nunha materia de 2º de Bacharelato, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, hai que traballalas en todas as unidades didácticas.

Ao longo de todo o curso promoverase de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

A competencia dixital e a comunicación audiovisual se desenvolverá nas unidades nas que o alumnado deberá facer producións audiovisuais e/ou nas que deben empregar diferentes apps ou recursos na rede.

No traballo de laboratorio o alumnado desenvolverá o emprendemento e o espírito crítico e científico.

Por último, ao longo de todo o curso traballarase a educación en valores e a igualdade real entre homes e mulleres.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas de divulgación científica	Escola de minas da Universidade de Vigo		X	
Exposición sobre recursos minerais de Galicia	Exposición itinerante.	X		

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realízanse coordinacións de xeito periódico entre o profesorado dos grupos.
Facilítaselle ao alumnado os criterios de corrección das probas escritas xunto coa proba cualificada
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Metodoloxía empregada
Planifícanse situacións introdutorias ao inicio de cada unidade
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Combinación do traballo individual co traballo cooperativo
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE na elaboración de probas escritas
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Facilítase información sobre os progresos e sobre as dificultades atopadas

Descrición:

A principal referencia para o seguimento e autoavaliación do ensino será a temporalización definida na programación, comprobando de xeito periódico se o programado correspóndese coas necesidades do alumnado, para que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento para facer o seguimento será a programación de aula. Nela reflectirase as unidades impartidas, as actividades realizadas e os recursos utilizados. Se é preceptivo, esta información trasladarase, trimestralmente, ao apartado de seguimento da programación das unidades didácticas da aplicación Proens. Ademais nas reunións de departamento comentarase o grao de consecución da programación e constarán en actas as posibles modificacións, dificultades encontradas e acordos

tomados polos membros do departamento en relación a estes temas.

A memoria final de curso tamén será un instrumento para concretar os principais problemas e propostas de mellora da programación. Con todos os datos, o departamento tomará os acordos que sexan necesarios para mellorar a programación do curso seguinte. Esta mesma información trasladarase, se é preceptivo, á aplicación Proens ao apartado de "seguimento final da programación".

Para facer a valoración final que se incluírá na memoria, podemos ir empregando os indicadores que se amosan a continuación para o seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para facer a valoración final que se incluírá na memoria, podemos ir empregando os indicadores que se amosan a continuación para o seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

Indicadores:

1. Adecuación do deseño das UD a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación das UD.
3. Adecuación da temporalización das UD.
4. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación prevista.
5. O desenvolvemento da programación respondeu á temporalización prevista.
6. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
7. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
8. Adecuación das prácticas de laboratorio seleccionadas.
9. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado.
10. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
11. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación.
12. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE (no caso de precisalas).

9. Outros apartados